

"Tienes que integrarte"

"Hay personas aliadas"
"Este no es tu país"

ANSIEDAD

ALISATE EL PELLO
dolor

MALESTAR FÍSICO & EMOCIONAL

RABIA

LEGITIMA ANCESTRAL

Jos ticia Social

Respetas m^o feministas

ARROGANCIA

* ¿CUAL ES EL COLOR DEL PODER?

¿NORMALIDAD PARA QUIÉN?

DERECHOS PARA TODOS SIEMPRE!!!

COMPANERAS/ES

Caminar a un futuro antirracista

TE CUBREN LAS ESPALDAS, ESTADO ASESINO

COLE

LEY DE Extranjería

Do mesmo xeito en que non se pode comezar “a casa polo tellado”, imos comezar este relato dende os pés ata a cabeza. Cos pés destrúense a Lei de Estranxeiría e o “cole”... A escola é identificada como un dos ámbitos das primeiras socializacións, e ao tempo como un dos espazos máis hostís e violentos para as infancias racializadas a causa dos discursos racistas reproducidos por profesorado, familias e as propias infancias e adolescencias. E non hai necesidade de referenciar discursos tan polémicos e explícitos como os dalgún partido político (no que se incide máis adiante), senón discursos tan sinxelos e cotiáns como o da cor “carne”. Se ben se notan algúns cambios, semella que o racismo é sempre o último da fila, calado (ou silenciado).

Debemos comprender que a estancia no sistema educativo formal abarca, como mínimo, seis anos de Educación Primaria e catro de Educación Secundaria Obrigatoria. Dez anos en total. Máis que de sobra para que esas infancias racializadas aprendan o silencio como técnica de supervivencia, no mellor dos casos... Hai outras que ata integran a cor carne como tal (a cor do poder?).

Ás veces non é necesaria nin a palabra, é o caso dos menús escolares, ou das imaxes dos libros de texto: “(...) que me sigan diciendo que Sudamérica ha sido, bueno América, ha sido descubierta ¿no? Y que me grafiquen a mí, o sea, como infancia racializada, con un taparrabos”. É o normal (“Normalidad, ¿para quién?”).

Ao lado do cole escribiron “Estado asesino”, e non só porque sexa o Estado quen fixa as guías orientativas para a escola... “El racismo institucional te dice qué lugar ocupas en esta sociedad, en esta jerarquía”, e as persoas non brancas ben non teñen cabida, ben é unha cabida estereotipada e xulgada.

Ademais, podemos falar da permisividade cara certos discursos políticos, que non só fomentan o odio, senón que dan voz a moitas persoas que agora cren ter razón. Permisividade tamén cara certos discursos sociais: “(...) en las personas mayores aún se sigue manteniendo ese discurso de que se justifica por la historia que han vivido, pero entonces ¿qué pasa? ¿Qué se les va a justificar a la gente joven también ahora ese discurso por la situación política en la que estamos?”. Palabras e frases que non son denunciáveis e que, incluso, cando se chega ao denunciável, aínda queda superar as barreiras xudiciais.

E discursos divulgados e transmitidos polos medios de comunicación (“Camavinga, chúpame la pinga”), que poderíamos cualificar como enganosos pois mentres se puña o foco en Arxentina por ganar o Mundial de Qatar 2022, ocultábase o movemento negro do mesmo país.

Continuamos subindo, e aceptando que a pesar do fortalecedor da boa rabia, na mente sempre estarán presentes os devanditos prexuízos, estereotipos e discursos. Todos aqueles elementos que xeran dor, malestar e ansiedade. Todos os que non teñen “reparación”. Todos os que expresan a dualidade de que este “no es tu país” mais “tienes que integrarte”. Todos os que representan alianzas falsas baseadas na instrumentalización das persoas non brancas: “(...) las personas blancas que son aliadas en nuestra lucha, ¿hasta qué punto son verdaderamente aliadas o nos toquenizan, no? (...) El feminismo hegemónico ¿no? que absorbe los otros feminismos” . .

Con todo, queda o apoio de compañeiras e compañeiros de loita, unha loita que cobra o nome de Antirracismo, e que pouco ou nada ten que ver coa campaña aparentemente “antirracista” do Ministerio de Igualdade (#SíEsRacismo), que é máis ben unha campaña “instrumentalista”.

Trátase dun antirracismo como “deporte de riesgo”, como unha loita continua para a deconstrución persoal e individual de todas as persoas, para cuestionarnos sobre as nosas actitudes racistas e sobre o lugar que ocupan as persoas racializadas na contorna, na comunidade (se é que existe), na sociedade global. E o centro é a rabia, porque hai que deixar de estigmatizala, porque é ancestral e lexítima pero, sobre todo, é potenciadora dun sentimento utópico que axuda na loita por un mundo mellor e antirracista no que governe a xustiza social de e para todas as persoas.